

**CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2012-2013**  
**TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES**  
**(En extinción)**

Aprobado polo Consello de Goberno do 26 de abril de 2012

### 1. PERÍODO LECTIVO

O período do curso académico comprenderá desde o 24 de setembro de 2012 ao 30 de setembro de 2013. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

### 2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

O período de clases para o curso académico 2012/2013 comprenderá:

- Plans antigos (sen créditos LRU) e plans LRU con estrutura anual:  
do 24 de setembro de 2012 ao 31 de maio de 2013
- Plans LRU con estrutura cuadrimestral:

**Primeiro cuadrimestre:** desde o 24 de setembro de 2012 ao 18 de xaneiro de 2013


**Segundo cuadrimestre:** desde o 11 de febreiro de 2013 ao 31 de maio de 2013

### 3. AVALIACIÓN

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
<b>Fin de carreira</b> <b>Extraordinaria de decembro</b>	do 3 ao 18 de decembro de 2012	18 de xaneiro de 2013
<b>Materias do primeiro cuadrimestre</b>	Do 21 de xaneiro ao 8 de febreiro de 2013	22 de febreiro de 2013
<b>Materias do segundo cuadrimestre e anuais</b>	Do 3 de xuño ao 21 de xuño de 2013	8 de xullo de 2013
<b>Setembro</b>	Do 2 ao 13 de setembro de 2013	24 de setembro de 2013

As clases suspenderanse durante o período de avaliación.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 22 de decembro de 2012 ata o día 7 de xaneiro de 2013 (ambos os dous incluídos); os días 11 e 12 de febreiro de 2013 e desde o día 25 ao día 31 de marzo de 2013 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o luns día 28 de xaneiro de 2013, festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días




das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou o día seguinte.

*Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES poderán acollerse ao calendario académico de grao e de mestrado, tras o acordo da Xunta de Centro e a comunicación posterior á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, que concederá o permiso, se procede, despois das adaptacións necesarias sen que estas produzan alteracións ou modificacións do correspondente plan de estudos publicado no BOE. Os centros que se teñen acollido a esta opción en cursos anteriores tamén deberán comunicalo. Para estes efectos, todos os centros interesados disporán dun prazo máximo que se fixa no 14 de setembro de 2012, para ter realizados os exames correspondentes á convocatoria extraordinaria de setembro, e entregadas e recepcionadas as actas, de xeito que as referidas titulacións poidan iniciar as súas actividades académicas axustándose no posible ao calendario aprobado para titulacións de grao e mestrado.*

*Estes centros poderán solicitar, sempre de forma motivada, que se manteña a convocatoria extraordinaria de setembro (no lugar da segunda oportunidade de xullo) coexistindo co calendario de estudos de grao e mestrado. A Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, competente para a concesión do permiso de adaptación de calendarios académicos, poderá conceder, de forma excepcional, esta petición.*



DILIXENCIA para facer constar que  
o/a presente documentu  
composto de 1 páxinas numeradas e seladas,  
foi aprobado polo Consello de Goberno,  
na súa sesión de data 26-abril-2012  
O SECRETARIO XERAL,  
Asdo.: Carlos Augusto Souto